

Segundo de Primaria

Programación didáctica das áreas de:

- Ciencias Naturais
- Ciencias Sociais
- Matemáticas
- Lingua Castelá e Literatura
- Lingua Galega e Literatura
- Valores Cívicos e sociais
- Educación Artística (plástica)

(Nivel 2 de desenvolvemento curricular)



CURSO 2021-2022

**Titoras: Cristina Torre Gordo e María Jesús Buceta Fariña
“C.E.I.P. ESCULTOR ACUÑA”**

ÍNDICE

1. <u>Introdución e contextualización.</u>	3
2. <u>Contribución ao desenvolvemento das competencias clave</u>	5
3. <u>Relación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave por curso</u>	7
4. <u>Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave</u>	44
5. <u>Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable da temporalización e grao mínimo de consecución para superar a materia</u>	49
6. <u>Metodoloxía didáctica</u>	52
7. <u>Medidas de atención á diversidade</u>	57
8. <u>Elementos transversais</u>	58
9. <u>Educación en valores</u>	61
10. <u>Materiais e recursos</u>	62
11. <u>Avaliación</u>	63
12. <u>Actividades extraescolares</u>	69
13. <u>Avaliación e revisión da programación didáctica</u>	70

ADVERTENCIA PREVIA

A necesaria referencia ao **contexto Covid** que agardamos dea paso durante este curso ao contexto escolar de normalidade fai que o presente documento se complete con diferentes plans de centro, especialmente co PLAN DE ENSINO VIRTUAL que de ser o caso se implementaría nas aulas. É por eso que esta programación se presenta de modo provisional e será revisada e adaptada se as circunstancias o requiren ao principio do segundo trimestre deste curso escolar.

EQUIPO DOCENTE DO NIVEL

1. INTRODUCCIÓN, XUSTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O CEIP Escultor Acuña está ubicado no barrio de Coia na cidade de Vigo. A construción do edificio, na rúa Estrada, é do ano 1985. Ten en funcionamento 6 unidades de Educación Infantil e 19 unidades de Educación Primaria (unha nova unidade habilitada este curso en 4º de primaria) , sendo un referente na educación do alumnado hipoacúsico, estando habilitada unha unidade de educación especial, con 6 especialistas de AL e un especialista de PT no seu catálogo profesional. O colexio ofrece orientación psicopedagóxica, a tódolos alumnos que o requiren, transporte escolar con 3 liñas de autobús e comedor escolar. Ademais dunha serie de actividades extraescolares xestionada pola ANPA .

O ambiente socio-cultural e económico é valorado como medio-baixo. Dende a crise económica evidéncianse dificultades económicas nas familias e certa desestructuración familiar. Obsérvanse numerosos casos de custodias compartidas non conciliadas, que en ocasións, afectan á educación dos seus fillos. As familias participan regularmente no Centro, no ámbito de ANPA. De procedencias dispares, con intereses e expectativas diferentes ante a educación dos seus fillos e fillas, a relación familia/escola recae maioritariamente nas nais, aínda que se vai incrementando a participación dos pais na vida do centro. Nunha minoría de pais hai unha escasa axuda no seguimento no proceso educativo dos seus fillos.

A situación do centro en canto ao profesorado é de certa estabilidade, experiencia docente e coñecemento do centro, o que permite unha continuidade nos plantexamentos de plans de mellora nos que estamos inmersos. Por outro lado, aínda que temos profesorado que cambia de centro, tamén é certo que permanecen o tempo suficiente para adaptarse á dinámica e á liña pedagóxica do centro. É un obxectivo estratéxico do

equipo directivo xerar un clima de cordialidade, benestar nas relacións dos profesionais do centro e da comunidade educativa que redunde nun entorno familiar, amable e conciliador. Dentro do traballo en equipo do profesorado, a colaboración considérase coma un elemento de innovación e calidade educativa. Actualmente hai un consenso acerca da necesidade de promover a cultura da colaboración dende tódolos sectores da comunidade educativa, xa que ofrece numerosos beneficios e se reflicte en tódolos aspectos da vida dos centros. Por exemplo, existe unha estreita relación entre o traballo colaborativo e o benestar dos docentes, afectándose de maneira recíproca. A cultura colaborativa supón valores opostos ao individualismo e á competición.

O desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe deste curso Académico 2021-22, terá como eixe vertebrador unha programación globalizada baseada nos perfís competenciais e de área correspondentes ao 2º curso de educación primaria baseada no seguinte marco legal:

- ❑ *REAL DECRETO 732/1995. de 5 de maio polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros.*
- ❑ *Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (Decreto 374/1996, do 17 de outubro. DOG 21-10-96. Corrección de erros DOG 06-11-96 e DOG 08-01-97).*
- ❑ *Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG. 02-09-97).*
- ❑ *LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.*
- ❑ *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.*
- ❑ *DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- ❑ *Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.*
- ❑ *Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020-21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Esta programación é unha proposta concreta de ensinanza-aprendizaxe concebida para desenvolver o longo do 2º curso de Educación Primaria.

Para a súa elaboración tivemos en conta a normativa vixente en materia de currículo. Así mesmo tivemos en conta os distintos plans e proxectos que levaremos a cabo ao longo deste curso no noso centro educativo.

Esta programación didáctica está contextualizada para os grupos de 2º curso A e B no presente curso académico 2021-2022. Son dous grupos cunha ratio de 22 alumnos e alumnas respectivamente. Os grupos-clase son os mesmos que o ano pasado contando cos novas incorporacións nos dous grupo de nivel. As aulas asignadas a cada grupo tamén son as mesmas que o curso anterior, pero hai un cambio de mestra no grupo de 2ºB. En total, os grupos de 2º de primaria contan con 44 alumnos, tres deles con repetidores e tres deles son de nova incorporación.

Este curso ten unhas características especiais derivadas da situación excepcional socio-sanitaria na que nos atopamos derivada da pandemia mundial provocada polo coronavirus SARS-CoV-2. O curso comenza sendo presencial, con uso obrigatorio de máscara por parte do alumnado de primaria e o profesorado, con medidas sanitarias e organización de circulación no centro moi específicas e recollidas nos distintos plans de centro establecidos pola administración; con posibles modificacións no caso de que a situación da pandemia mellore.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”. A contribución das diferentes áreas para a adquisición das competencias clave son as seguintes:

1. Comunicación lingüística (CCL): a través das diferentes áreas contribúese a adquisición da mesma utilizando a linguaxe tanto oral como escrita. A través da busca de información e interpretación de datos e a lectura diaria nas linguas oficiais. Outras actividades que desenvolveran de xeito significativo esta competencia serán a elaboración e produción de textos, literatura creativa, as exposicións orais trimestrais, a busca de información sobre un tema concreto (PDI) ou centro de interese, da dinámica de aula, listas, receitas,

representacións teatrais...

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT): esta competencia trabállase a través da interpretación de datos plantexados nos problemas cotiás, na busca de información a través de internet, no coñecemento de aspectos da contorna. Traballaranse destrezas como o cálculo mental, o razoamento lóxico, xestión, previsión, aproximación, medición, representación e orientación.

3. Competencia dixital (CD): co uso das novas tecnoloxías para a visualización de vídeos, escoita de audios, visualización de imaxes, diapositivas, uso de ordenadores...Este ano ademais como os nenos e nenas son máis autónomos intentaremos abarcar novas tarefas de creación e producións dixitais relacionadas cons contidos e que teñan presentes os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas. Esta competencia será prioritaria para dar unha formación adecuada e ter ao alumnado preparado para unha posible situación de semipresencialidade se chegara a darse o caso pola situación sanitaria.

4. Aprender a aprender (CAA): interrelacionando os coñecementos adquiridos nas diferentes áreas para a resolución das tarefas plantexadas, con actividades que axuden a crear hábitos de estudo e a coñecer diferentes técnicas que favorezan a aprendizaxe significativa (esquemas, busca de ideas principais, técnicas e estratexias de memorización...)

5. Competencias sociais e cívicas (CSC): mantendo un clima de respecto e cordialidade tanto entre compañeiros/as coma entre todos os membros da comunidade educativa.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): sendo quen de propoñer ideas antes as temáticas que xurdan na aula, adquirindo autonomía na resolución de problemas (preguntar dúbidas, repoñer material esquecido...).

7. Conciencia e expresións culturais (CCEC): tratarase principalmente a través da cultura do contorno, coas conmemoracións e co proxecto de centro.

3. RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITÉRIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE POR CURSO

Conforme ao **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia o traballo nas distintas áreas educativas co alumnado de Educación Primaria (2º) do noso centro contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a)** Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b)** Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c)** Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d)** Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e)** Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- f)** Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g)** Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

- h)** Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i)** Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j)** Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k)** Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l)** Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m)** Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n)** Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o)** Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

COMPETENCIAS BÁSICAS

«En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006, sobre as competencias claves para a aprendizaxe permanente, este real decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensinanza e aprendizaxe [...]».

Para os efectos da LOMCE, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- 1.º Comunicación lingüística (CCL).
- 2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- 3.º Competencia dixital (CD).
- 4.º Aprender a aprender (CAA).
- 5.º Competencias sociais e cívicas (CSC).
- 6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- 7.º Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

A.- ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA.

«As ciencias da natureza axúdannos a coñecer o mundo en que vivimos, a comprender o noso contorno e as achegas dos avances científicos e tecnolóxicos á nosa vida diaria [...]». Os bloques de contido que articulan a área son os seguintes:

- Bloque **O ser humano e a saúde**. “Poñémonos en forma” e “Facemos a compra”
- Bloque **Os seres vivos** “Un montón de ósos” e “As plantas son importantes”
- Bloque **Materia e enerxía** “Matería, forza e son”
- Bloque **Iniciación á actividade científica** e de **Tecnoloxía, obxectos e máquinas** “Máquinas por todas partes”

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Iniciación á actividade científica. ▪ B1.2. Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados. ▪ B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes. ▪ B1.4. Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. O traballo cooperativo. ▪ B1.6. Iniciación ás técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo intelectual. ▪ B1.7. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE
BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Identificación e observación das partes do corpo humano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC

<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Relación co medio e co seu contorno. ▪ B2.3. Recoñecemento da respiración e da nutrición como funcións vitais. ▪ B2.4. Aceptación do propio corpo e do dos e das demais, coas súas limitacións e posibilidades. ▪ B2.5. Identificación e verbalización de emocións (medo, tristura, enfado, ledicia, felicidade) e sentimentos propios e alleos. 	diversidade.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.1.2. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ h ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso. ▪ B2.7. Hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes no seu contorno e identificación de comportamentos apropiados de actuación cando se producen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.2.1. Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Pirámide alimentaria. ▪ B2.9. Alimentos diarios necesarios. ▪ B2.10. Análise de costumes na alimentación diaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Diseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.3.1. Identifica os alimentos diarios necesarios aplica o menú semanal de merendas na escola. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
BLOQUE 3. OS SERES VIVOS				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ e ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Diferenzas entre seres vivos e inertes. ▪ B3.2. Identificación das características e dos comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ h ▪ j ▪ j ▪ l ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Observación dun animal ou dunha planta no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, empregando diferentes soportes: orais, escritos, gráficos, informáticos, fotográficos... ▪ B3.4. Rexistro elemental da observación e do contraste de datos entre os compañeiros/as. ▪ B3.5. Valoración da responsabilidade no 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Observar e rexistrar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.2.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC

	<p>coidado de plantas e animais domésticos.</p> <ul style="list-style-type: none"> B3.6. Respecto polos seres vivos do contorno. 			
BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA				
<ul style="list-style-type: none"> a b e g h 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Recoñecemento da presenza da auga e do aire no medio físico. B4.2. Uso responsable da auga e valoración da importancia do aire limpo para a vida. B4.3. Tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no seu contorno próximo. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable. 	<ul style="list-style-type: none"> CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC CCL
			<ul style="list-style-type: none"> CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT CSC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> b g h 	<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Observación dos efectos da aplicación dunha forza. B4.5 Realización de experiencias sinxelas para analizar efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Realizar experiencias sinxelas para analizar efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns. 	<ul style="list-style-type: none"> CNB4.2.1 Realiza experiencias sinxelas sobre os efectos da aplicación dunha forza en situacións da vida cotián. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> CNB4.2.2 Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT CAA CSIEE
BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS				
<ul style="list-style-type: none"> a b c d e h m 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Observación e clasificación de aparellos e máquinas sinxelas do contorno identificando a súa utilidade evitando estereotipos sexistas. B5.2. Manipulación e observación do funcionamento de obxectos, aparellos simples domésticos e escolares, das partes que os compoñen e da enerxía que necesitan para funcionar. B5.3. Prevención de riscos no emprego de máquinas e aparellos de uso cotián. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Observar, manexar e clasificar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares identificando a súa utilidade, as partes que os compoñen e a enerxía que empregan. 	<ul style="list-style-type: none"> CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC
			<ul style="list-style-type: none"> CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC
			<ul style="list-style-type: none"> CNB5.1.3. Manexa obxectos simples de uso cotián identificando as situacións que poden xerar risco e estereotipos sexistas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC
<ul style="list-style-type: none"> a b h i 	<ul style="list-style-type: none"> B5.4. Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador. B5.5 Coidado dos recursos informáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso. 	<ul style="list-style-type: none"> CNB5.2.1. Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD CCL
			<ul style="list-style-type: none"> CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD

B.- ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS.

A área de Ciencias sociais ten como obxecto contribuír ao desenvolvemento persoal e social do alumnado, achegándolle os recursos necesarios para integrarse e participar de forma activa na sociedade na que vive, partindo da comprensión da realidade física, social e histórica máis próxima ata poder comprender o mundo dun xeito máis global.

O desenvolvemento persoal e social dos alumnos e alumnas como futuros cidadáns e cidadás implica, por unha banda, coñecer os mecanismos fundamentais da democracia respectando as regras da vida colectiva e, por outra, interactuar coa contorna e o medio velando pola súa conservación ao seren estes bens comúns e compartidos.

A mobilización de todos os recursos que conforman a área contribuirá á adquisición das competencias clave e ao desenvolvemento integral do alumnado ao longo de toda a etapa. Para iso, os elementos curriculares de Ciencias sociais deberán abordarse desde un enfoque metodolóxico práctico, integral, de uso social e con carácter funcional.

A área das Ciencias sociais integra diversos ámbitos de estudo, centrándose en aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos.

Os bloques en que se distribúen os contidos da área son os seguintes:

- Bloque 1. **Contidos común** “O ciclo sen fin” e “Onde o aire te leve”
- Bloque 2. **O mundo en que vivimos** “Paisaxes diferentes” e “O lugar ao que pertenzo”
- Bloque 3. **Vivir en sociedade** “O mellor traballo do mundo”
- Bloque 4. **As pegadas do tempo** “A máquina do tempo”

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1.O establecemento de conxecturas, de predicións e, a observación, e experimentación como procesos básicos que favorecen a Iniciación ao coñecemento científico. ▪ B1.2.Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea, que supoña un proceso de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1.Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.1.1.Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD ▪ CMCCT

	<p>investigación e acción por parte do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3.Introdución no uso das TIC e outras fontes (directas e indirectas) para obter información, analizala, organizala, documentar o proceso mediante o uso do cartafol e a comunicación das conclusións. ▪ B1.4. Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de acadar obxectivos. 	<p>comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5.O traballo en equipo. ▪ B1.6.Iniciación na creación e o uso de hábitos e técnicas de estudo. ▪ B1.7.Valoración do esforzo e coidado do material. ▪ B1.8.A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2.Traballar en equipo e adoitando un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3.Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.3.1.Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9.Utilización da terminoloxía propia da área. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4.Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.4.1.Identifica a terminoloxía propia da área. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC
BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ i ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1.Investigamos sobre os usos da auga, os lugares nos que aparece na contorna próxima e os usos responsables desta empregando as TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.1.1 Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.1.2. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Observar e localizar nun mapa os lugares nos que hai auga distinguindo entre zonas de auga doce e salgada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.2.1. Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2.Os ecosistemas da contorna e o ser humano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema, identificando as actividades humanas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.3.1.Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCL

		que orixinan desequilibrios neles e despertando actitudes de defensa, respecto e recuperación deles.	identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación.	
		<ul style="list-style-type: none"> B2.4 Realizar sinxelos traballos dalgún ecosistema en concreto: acuático, terrestre. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.4.1.Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL
<ul style="list-style-type: none"> a h e o 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3.A paisaxe natural. O coidado e a contaminación. Tipos de paisaxes. A paisaxe natural que nos rodea. Tipos de paisaxe e a súa conservación. Observación de diferentes tipos de paisaxe (a través de fotos, de imaxes da web, libros), comparación e identificación do tipo de paisaxe que corresponde ao contexto no que vive. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.5.1.Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana máis próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> CSB2.5.2.Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL
			<ul style="list-style-type: none"> CSB2.5.3.Coñece e leva á práctica accións positivas para a protección do medio natural. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC
<ul style="list-style-type: none"> h e o 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4.Realización dun mapa mental cos elementos máis significativos que conforman a paisaxe da localidade: relevo, ríos, illas, encoros, lagoas... e citar algunha característica deles. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6.Identificar os elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñecer algunha característica máis significativa destes. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.6.1.Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL
<ul style="list-style-type: none"> h e o 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5.Rochas e minerais da contorna: cor, textura, forma, dureza. Usos básicos destes materiais. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.7.Identificar algunhas rochas e minerais presentes na contorna e recoñecer algúns usos que as persoas fan deles. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.7.1.Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL
<ul style="list-style-type: none"> h e 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6.Orientacións espaciais, nocións básicas que lle permitan orientarse nun debuxo ou nun plano sinxelo da contorna máis próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.8.Empregar correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade para orientarse na contorna máis próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.8.1.Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseñar posibles itinerarios de acceso desde a súa casa. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA CSIEE
BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE				
<ul style="list-style-type: none"> a c h o 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1.Quen goberna a túa localidade? O Concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.1.1.Describe a organización social da contorna máis próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL

		<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Identificar as funcións e servizos dos seus diversos organismos: bombeiros e bombeiras, policía... 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.2.1. Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL
		<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Recoñecer a importancia que o exercicio activo da cidadanía polas persoas que o habitan ten para unha convivencia pacífica. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.3.1. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL
<ul style="list-style-type: none"> a h d 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. A pertenza a grupos sociais da localidade: deportivos, recreativos, culturais,.. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Manifestar satisfacción pola pertenza a un grupo e respectar as características das persoas coas que convivimos e que pertencen a diferentes grupos sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.4.1. Aмосa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC
<ul style="list-style-type: none"> a d h j o 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Investigación sobre as diferentes manifestacións culturais da contorna. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Recoñecer algunha das manifestacións culturais e obras mais representativas da comarca e da comunidade, valorar a súa diversidade e contribuír á súa conservación. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.5.1. Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,.. propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL CCEC
<ul style="list-style-type: none"> d h e 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Os medios de comunicación. Impacto social. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Analizar, de maneira sinxela, os cambios que as comunicacións provocaron nas actividades persoais e sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.6.1. Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL
<ul style="list-style-type: none"> h g o 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. As profesións. Preparar unha enquisa, para coñecer as profesións das familias do alumnado do centro, analizar cales son a as máis usuais. Indagar sobre todo en aquelas que o alumnado descoñeza, as ferramentas que empregan, responsabilidade, servizos que prestan e comunicar os resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.7. Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en fábricas ou ao aire. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.7.1. Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL
			<ul style="list-style-type: none"> CSB3.7.2. Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA
<ul style="list-style-type: none"> a h n 	<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Seguridade viaria como persoas viaxeiras e peóns ou peoas. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.8. Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e peoas e como persoa usuaria de medios de transporte. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.8.1. Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL CAA

			<ul style="list-style-type: none"> CSB3.8.2.Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC
BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO.				
<ul style="list-style-type: none"> h 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1.Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro, ano e década. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1.Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB4.1.1.Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> h 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2.O reloxo e o calendario como instrumentos para medir o tempo. A súa evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2.Coñecer os instrumentos básicos para a medida do tempo, iniciarse no seu uso e manexo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB4.2.1.Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> h g 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3.Toma de conciencia do paso do tempo investigando sobre a evolución dalgún elemento do espazo próximo (os medios de transporte,os medios de comunicación, a escola como institución, a evolución dalgún aparello), realizando unha árbore xenealóxica dunha persoa, ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna... 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Recoñecer, comprender e ordenar cronoloxicamente os cambios producidos polo paso do tempo na evolución do obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB4.3.1.Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC
			<ul style="list-style-type: none"> CSB4.3.2.Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> h j o 	<ul style="list-style-type: none"> B4.4.O patrimonio histórico, cultural e artístico. Coidado e conservación. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.4.Recoñecer a cultura e o patrimonio da contorna que nos rodea comprendendo a importancia da súa conservación. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB4.4.1.Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC
<ul style="list-style-type: none"> h j 	<ul style="list-style-type: none"> B4.5.Os museos como espazo de aprendizaxe e de goce. 	<ul style="list-style-type: none"> B4 5.Coñecer que é un museo, cal é a súa función e valorar o seu papel gozando da contemplación de obras artísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB4.5.1.Explica que é un museo e cales son as súas funcións. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC
			<ul style="list-style-type: none"> CSB4.5.2.Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC

C.- ÁREA DE MATEMÁTICAS.

As matemáticas son un conxunto de saberes asociados aos números e ás formas, que permiten a análise de distintas situacións reais. Identifícanse coa dedución, a indución, a estimación, a aproximación, a probabilidade, a precisión, o rigor, a seguridade etc. e axúdannos a enfrontarnos a situacións abertas, sen solución única e pechada. Son unha agrupación de ideas e formas que nos permiten analizar os fenómenos e as situacións que se presentan na realidade para obter informacións e conclusións que non estaban explícitas e actuar, preguntármonos, obter modelos e identificar relacións e estruturas, de modo que levan consigo, sobre todo, encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas e non só utilizar cantidades e formas xeométricas.

«As matemáticas permiten coñecer e estruturar a realidade, analizala e obter información para valorala e tomar decisións; son necesarias na vida cotiá, para aprender a aprender, e tamén polo que a súa aprendizaxe achega á formación intelectual xeral, e a súa contribución ao desenvolvemento [...]».

Os bloques de contidos que se abordan en Matemáticas son os seguintes:

- Bloque 1. **Procesos, métodos e actitudes en matemáticas.**
- Bloque 2. **Números.**
- Bloque 3. **Medida.**
- Bloque 4. **Xeometría.**
- Bloque 5. **Estatística e probabilidade.**

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Resolución de problemas que impliquen a realización de cálculos, explicando oralmente o significado dos datos, a situación planeada, o proceso seguido e as solucións obtidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá e explicar oralmente o proceso seguido para a súa resolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA

<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Utilizar, coa guía do mestre ou da mestra, os medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe e para a resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB1.3.1. Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CD ▪ CAA
BLOQUE 2. NÚMEROS				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Números naturais ata o 999. ▪ B2.2. Nome e grafía dos números ata o 999. ▪ B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas e centenas ▪ B2.4. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras. ▪ B2.5. Identifica o número anterior e o seguinte a un dado. ▪ B2.6. Identifica o número maior, o menor e o igual a un dado. ▪ B2.7. Redondear, aproximar e estimar. ▪ B2.8. Construción de series ascendentes e descendentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Números pares e impares. ▪ B2.10. Identifica e relaciona os números ordinais do 1º ao 10º. ▪ B2.11. Utilización dos números ordinais. Comparación de números. ▪ B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas e centenas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.2.4. Identifica os números pares e os impares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.12. Iniciación no desenvolvemento de estratexias persoais de cálculo mental. ▪ B2.13. Gusto pola presentación ordenada e limpa dos cálculos e dos resultados. ▪ B2.14. Cálculo de sumas e restas con levadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA

	<ul style="list-style-type: none"> B2.15. Propiedades conmutativa e asociativa da suma. B2.16. Proba da resta. B2.17. Cálculo de multiplicacións. B2.18. Construción das táboas de multiplicar e apoiándose no número de veces, suma repetida, disposición en cuadrículas... B2.19. Termos da suma, resta e multiplicación. B2.20. Utilización en situacións familiares da sumas, restas e multiplicacións. 		<p>operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.</p> <ul style="list-style-type: none"> MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> b g 	<ul style="list-style-type: none"> B2.21. Resolución de problemas da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados. MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT CAA CMCT CSIEE CAA
BLOQUE 3. MEDIDA				
<ul style="list-style-type: none"> g 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Unidades de lonxitude: quilómetro, metro e centímetro. B3.2. Unidades de peso: quilo, medio quilo e cuarto de quilo. B3.3. Unidades de capacidade: litro, medio litro e cuarto de litro. B3.4. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida. B3.5. Realización de medicións. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Coñecer e utilizar o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude. B3.2. Coñecer e utilizar o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso. B3.3. Coñecer e utilizar o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade. 	<ul style="list-style-type: none"> MTB3.1.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude. MTB3.2.1. Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso. MTB3.3.1. Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT CMCT CMCT
<ul style="list-style-type: none"> b g 	<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Unidades de medida do tempo e as súas relacións: minuto, hora, día, semana e ano. B3.7. Lectura en reloxos analóxicos e dixitais 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Coñece as unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da 	<ul style="list-style-type: none"> MTB3.4.1. Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos) MTB3.4.2. Resolve 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT CMCT

		vida diaria.	problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais axeitadas e as súas relación.	<ul style="list-style-type: none"> CAA
<ul style="list-style-type: none"> b g 	<ul style="list-style-type: none"> B3.8. O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes. B3.9. Manexo de prezos de artigos cotiáns B3.10. Equivalencias entre moedas e billetes. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea. 	<ul style="list-style-type: none"> MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> b g 	<ul style="list-style-type: none"> B3.11. Resolución de problemas de medida. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida. MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT CAA CMCT CAA CSIEE
BLOQUE 4. XEOMETRÍA				
<ul style="list-style-type: none"> g 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Elaboración de simetrías sinxelas. B4.2. Eixes de simetría. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Identificar e completar figuras simétricas. 	<ul style="list-style-type: none"> MTB4.1.1. Completa figuras partindo do seu eixe de simetría. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT
<ul style="list-style-type: none"> b g 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Identificación comparación e clasificación de figuras planas en obxectos e ámbitos cotiáns: triángulos, cuadriláteros, circunferencias, círculos e cadrados. B4.4. Tipos de triángulos: equilátero, isóscele e escaleno. B4.5. Elementos xeométricos básicos: lado, vértice e ángulo. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Nomear un polígono segundo o seu número de lados. 	<ul style="list-style-type: none"> MTB4.2.1. Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> b g 	<ul style="list-style-type: none"> B4.6. Identificación de corpos xeométricos en obxectos e ámbitos cotiáns: prisma, pirámide, cono, cilindro e esfera. B4.7. Formación de figuras planas e corpos xeométricos a partir doutras por composición e descomposición. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Discriminar prismas, pirámides, conos, cilindros e esferas. 	<ul style="list-style-type: none"> MTB4.3.1. Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> b g 	<ul style="list-style-type: none"> B4.8. Interpretación, descrición e elaboración de esbozos de itinerarios 	<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Interpretar representacións espaciais realizadas a 	<ul style="list-style-type: none"> MTB4.4.1. Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT CAA

	<p>sinxelos.</p> <ul style="list-style-type: none"> B4.9. Uso de vocabulario xeométrico para describir itinerarios. 	<p>partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.</p>		
<ul style="list-style-type: none"> b g 	<ul style="list-style-type: none"> B4.10. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá explicando oralmente por escrito o procedemento seguido e as solución obtidas. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> MTB4.5.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT CAA
			<ul style="list-style-type: none"> MTB4.5.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT CAA CSIEE
BLOQUE 5. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE				
<ul style="list-style-type: none"> b g 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Interpretación de diferentes gráficos: de barras, de barras dobres, de pictogramas e estatísticas. B5.2. Utilización de técnicas para a recollida e ordenación de datos en contextos familiares e próximos. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas... comunicando a información. 	<ul style="list-style-type: none"> MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT CAA
			<ul style="list-style-type: none"> MTB5.1.2. Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> b g 	<ul style="list-style-type: none"> B5.3. Distinción entre o imposible, o seguro e aquilo que é posible pero non seguro, e utilización na linguaxe habitual e de expresións relacionadas coa probabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.2. Realizar estimacións en situacións de azar utilizando o vocabulario: seguro, posible e imposible. 	<ul style="list-style-type: none"> MTB5.2.1. Diferenza o concepto de suceso seguro, suceso posible e suceso imposible. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT CAA

D.- ÁREA DE LÍNGUA GALEGA E LITERATURA.

A lingua apréndese, non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos, aventuras, sobre o mundo. Ademais, a lingua é o medio das relacións interpersoais e a porta de acceso ao coñecemento.

O propósito é o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado e serve como instrumento para a transmisión de información e ferramenta para operar co coñecemento.

A literatura é transmisora de cultura e tamén liberadora, incita á fantasía, á evocación de mundos posibles, á creación e á reflexión crítica. E vai de par coa lingua que achega aspectos metalingüísticos e instrumentais fundamentais para acceder aos textos literarios e para crealos. Así, a aprendizaxe da literatura debe constituír tanto un instrumento de aprendizaxe como unha fonte de gozo e de creatividade.

A área de Lingua Galega e Literatura artículase en cinco bloques:

- Bloque 1. **Comunicación oral: falar e escoitar.**
- Bloque 2. **Comunicación escrita: ler.**
- Bloque 3. **Comunicación escrita: escribir.**
- Bloque 4. **Coñecemento da lingua.**
- Bloque 5. **Educación literaria.**

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprensión e valoración de textos orais sinxelos procedentes da radio e da televisión para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil e ao contorno máis inmediato. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.1.2. Recoñece a función dos medios de comunicación como fonte de información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Comprensión global e específica de informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes establecendo relacións de identificación, de clasificación e de comparación entre elas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Comprende informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC

<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Comprensión e produción de textos orais sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposición ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSEIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo e pregunta, se é preciso, para verificar a súa comprensión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas e respecto das opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Manter unha actitude de escoita adecuada, respectando as opinións dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais en conversas e exposicións, sen interromper. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou narracións de feitos vitais, emocións e sentimentos), con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, ton adecuado, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala, actitude receptiva de escoita e respecto ás opinións das demais persoas). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.5. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese, unha actitude receptiva de escoita e respecta as 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC

			opinións das demais persoas.	
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CCEC CAA
<ul style="list-style-type: none"> a b e o 	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Uso de fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Usar fórmulas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.6.1. Usa fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> b d e 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.7.1. Amosa respecto ás achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> e o 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación axeitada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCEC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> a d e o 	<ul style="list-style-type: none"> B1.9. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, en especial ás referentes ao xénero, ás razas e ás etnias. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.9. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial ás referentes ao xénero, ás razas e ás etnias. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC
<ul style="list-style-type: none"> a d e o 	<ul style="list-style-type: none"> B1.10. Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.10. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación... 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.10.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC CSC
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER				
<ul style="list-style-type: none"> b e l 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Comprender e localizar información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CSC

<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ o 	<p>curtas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente a noticia. ▪ B2.3. Localización de información en textos para aprender vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións). 	<p>procedentes dos medios de comunicación.</p>	<p>próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas. ▪ LGB2.1.3. Localiza información en textos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Integración de coñecementos e de informacións procedentes de ilustracións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CMCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras. ▪ B2.6. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatiza cando é preciso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos. ▪ LGB2.3.2. Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada. ▪ LGB2.3.3. Fai lecturas dramatizadas de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCL ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Introducción ao uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Coñecer, de forma xeral, o funcionamento da bibliotecas de aula, e de centro como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.4.1. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora. ▪ LGB2.4.2. Coñece, de xeito xeral, o funcionamento da biblioteca de aula e de centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC

<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Mantemento adecuado e ampliación da biblioteca persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Ter interese por ter unha biblioteca propia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.5.1. Coida, conserva e organiza os seus libros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de lecer. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Amosar interese polos textos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais, así como a apreciación do texto literario como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.7.2. Explica dun xeito moi sinxelo as súas preferencias lectoras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Produción e reescritura de textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos. ▪ B3.2. Composición de textos sinxelos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar. ▪ B3.3. Composición de textos sinxelos relacionados coa escola para obter, organizar e comunicar información (questionarios, listaxes, descricións, explicacións elementais). ▪ B3.4. Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das maiúsculas e do punto. ▪ B3.5. Utilización de xeito guiado de estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de <i>para quen</i>, e <i>que</i> escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.1. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.3. Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.5. Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola (listaxes, descricións e explicacións elementais) ou cos medios de comunicación social (novas sinxelas, titulares, pés de foto) sobre acontecementos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE

			próximo á súa experiencia.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ j ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Creación de textos sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.2.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Usar de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.3.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Utilización de elementos gráficos e sinxelos como a ilustración para facilitar a comprensión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.4.1. Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica. ▪ B3.10. Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe, como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.5.1. Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.5.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Inicio na identificación implícita e uso dos termos lingüísticos elementais, nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; enunciado, palabra e sílaba, nome común e nome propio. ▪ B4.2. Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.1.3. Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC

			seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	
▪ e	▪ B4.4. Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego. ▪ B4.5. Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura.	▪ B4.3. Recoñecer a relación entre o son e grafía, así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	▪ LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LGB4.3.2. Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	▪ CCL ▪ CAA
▪ a ▪ d ▪ e ▪ h ▪ m	▪ B4.6. Observación das diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.	▪ B4.4. Recoñecer de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.	▪ LGB4.4.1. Recoñece, de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.	▪ CCL ▪ CCEC
▪ a ▪ d ▪ e ▪ h ▪ m	▪ B4.7. Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.	▪ B4.5. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.	▪ LGB4.5.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	▪ CCL ▪ CAA
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA				
▪ b ▪ d ▪ e ▪ o	▪ B5.1. Recreación e reescritura de diversos textos literarios sinxelos (narrativos ou poéticos): contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos. ▪ B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	▪ B5.1. Recrear e reescribir diversos textos literarios, usando modelos.	▪ LGB5.1.1. Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
			▪ LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	▪ CCL ▪ CCEC
▪ b ▪ d ▪ e ▪ i	▪ B5.3. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	▪ B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	▪ LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.	▪ CCL ▪ CCEC ▪ CD
			▪ LGB5.2.2. Le, de forma guiada, textos en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.	▪ CCL ▪ CCEC ▪ CD

<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Recreación e composición de poemas sinxelos e relatos breves para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Recrear e compoñer poemas sinxelos e relatos breves a partir de modelos sinxelos dados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.3.1. Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Participar en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.4.1. Participa en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.5.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas. ▪ B5.8. Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.6.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC

E.- ÁREA DE LÍNGUA CASTELÁ E LITERATURA

En consonancia coa área anterior, o currículo da área de Lingua castelá e literatura organízase en bloques que responden á educación literaria, ás actividades lingüísticas ou destrezas esenciais para a comunicación oral e escrita, e ao coñecemento metalingüístico.

- Bloque 1. **Comunicación oral: falar e escoitar.**
- Bloque 2. **Comunicación escrita: ler.**
- Bloque 3. **Comunicación escrita: escribir.**
- Bloque 4. **Coñecemento da lingua.**
- Bloque 5. **Educación literaria.**

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Estratexias e normas básicas para o intercambio comunicativo: participación; escoita; respecto á quenda de palabra; respecto polos sentimentos, ideas e coñecementos dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra e a intervención dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.1.2. Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que complementen o significado da mensaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando, de xeito global, o valor comunicativo destes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Participa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando unha secuencia lineal sinxela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: <ul style="list-style-type: none"> ▪ - diálogos ▪ -exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE

<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Dedución das palabras evidentes polo contexto. Interese pola ampliación de vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.4.2. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (producción didáctica, gravacións, medios de comunicación). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo, de diferente tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa: cartas, anuncios, regulamentos, folletos.... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.6.1. Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.6.2. Recoñece de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Audición e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Reproducir textos axeitados aos seus gustos e intereses. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.7.1. Reproduce de memoria textos literarios ou non literarios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Dramatizar, de xeito colaborativo, textos infantís. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.8.1. Adecúa a entoación, o volume e o xesto á representación dramática. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Identifica as características e diferenzas entre os animais: mamíferos, réptiles, aves, anfibios e peixes. <input type="checkbox"/> Ordena cronoloxicamente algún feitos relevantes da súa vida e utiliza para iso as unidades de tempo: hora, día, mes e ano. <input type="checkbox"/> Coñece globalmente o seu corpo: partes, esquema corporal e lateralidade, os sentidos. <input type="checkbox"/> Recoñece o esqueleto e os músculos do seu corpo e as súas funcións. <input type="checkbox"/> Coñece a familia e os graos de parentesco. <input type="checkbox"/> Identifica nun plano todas as dependencias dunha casa. <input type="checkbox"/> Enumera as principais diferenzas entre una aldea, una vila e una cidade. <input type="checkbox"/> Nomea as partes dunha planta e recoñecela como ser vivo indispensable para a vida doutros seres vivos: animais e persoas. <input type="checkbox"/> Identifica os usos e os 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Acada una lectura comprensiva de textos adaptados ao seu nivel. <input type="checkbox"/> Recoñece as palabras dunha oración: artigos, verbos, nomes, adxectivos... <input type="checkbox"/> Iniciase na escritura de textos descritivos. <input type="checkbox"/> Forma frases a partir de palabras dadas. <input type="checkbox"/> Utiliza correctamente o punto e a letra maiúscula. <input type="checkbox"/> Clasifica correctamente os nomes comúns e os nomes propios. <input type="checkbox"/> Utiliza o artigo diante dos nomes. <input type="checkbox"/> Escribe adxectivos para falar das cualidades dos nomes. <input type="checkbox"/> Resume un conto. <input type="checkbox"/> Distingue cal é a intención comunicativa das oracións que se proponen: afirmar ou negar, exclamar e preguntar. <input type="checkbox"/> Lee cunha velocidade e entonación adecuada. <input type="checkbox"/> Escribe pequenos textos seguindo una secuencia 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Coñece a numeración ata o 999 (anterior e posterior), orde numérica e traballo básico cos números, discriminando as centenas, decenas e unidades. <input type="checkbox"/> Domina as sumas e restas con levadas así como a resolución de problemas sinxelos con ditas operacións. <input type="checkbox"/> Le e interpreta a hora en punto, a hora e media, a hora e cuarto e as menos cuarto nun reloxo. <input type="checkbox"/> Distingue e usa apropiadamente os días da semana, meses do ano. <input type="checkbox"/> Realiza medicións utilizando medidas naturais. <input type="checkbox"/> Discrimina os números ordinais do 1º ao 10º. <input type="checkbox"/> Recoñece e identifica o signo e a operación de multiplicar e resolve problemas sinxelos. <input type="checkbox"/> Ten un coñecemento básico das figuras sinxelas e liñas rectas, curvas e poligonais en xeometría e

<p>estados da auga: sólido, líquido e gaseoso, e os lugares onde podemos atopala.</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Diferenza catro grupos no lixo que xeramos habitualmente na casa: envase, lixo orgánico, papel e cartón e vidro. <input type="checkbox"/> Divide os elementos da paisaxe en elementos naturais e elementos artificiais. <input type="checkbox"/> Identifica a orixe vexetal ou animal dalgúns alimentos e materiais de uso cotiá: mobles, roupa... <input type="checkbox"/> Asocia cada profesión coa actividade que desempeña así como relaciona algúns utensilios coa profesión na que se empregan. <input type="checkbox"/> Recoñece e distinguir as características dos : mamíferos, as aves ,os peixes, os réptiles,os anfibios e os insectos. <input type="checkbox"/> Recoñece como son as plantas e as súas partes, usos e funcións. <input type="checkbox"/> Coñece o ciclo da auga. <input type="checkbox"/> Sabe que é a atmósfera. <input type="checkbox"/> Relaciona os movementos de rotación e 	<p>lóxica e con claridade, utilizando os signos de puntuación en diferentes tipos de textos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Escribe con corrección palabras onde se aplican normas ortográficas: ca, co, cu, que, qui, za, zo, zu, ce, ci, ga, go, gu, gue, gui, güe, güi, ge, gi,je, ji. <input type="checkbox"/> Relaciona e clasifica os nomes atendendo ao xénero (masculino-feminino) e ao número (singular-plural). <input type="checkbox"/> Aplica con precisión os prefixos des- ou in- para formar palabras antónimas <input type="checkbox"/> Elabora familias de palabras, derivadas e polisémicas <input type="checkbox"/> Coñece as onomatopeias. <input type="checkbox"/> Valora os textos que le, disfrutando e aplicando as súas aprendizaxes. <input type="checkbox"/> Expresa oralmente vivencias e opinións. Así como noticias e coñecementos. <input type="checkbox"/> Le, comprende e identifica diferentes tipos de textos: contos, fábulas, poemas, comics, narracións... <input type="checkbox"/> Le e escribe 	<p>conceptos básicos sobre a orientación espazo-temporal: dereita/esquerda, antes/despois, sucesión dun proceso...</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Coñece e utiliza moedas e billetes de euro en situacións da vida cotiá. <input type="checkbox"/> Le, escribe e recoñece as cantidades que representan os números do 0 ó 999. <input type="checkbox"/> Clasifica os números en pares e impares. <input type="checkbox"/> Coñece as medidas de capacidade. <input type="checkbox"/> Adquire o concepto de multiplicación. <input type="checkbox"/> Calcula mentalmente o resultado de multiplicar números dunha cifra por 1, por 2,por 3 e por 4. <input type="checkbox"/> Calcula o valor do dobre, do triple e da metade dunha cantidade proposta. <input type="checkbox"/> Recoñece o valor dos billetes e moedas de euro. <input type="checkbox"/> Interpreta e elabora gráficos de barras sinxelos. <input type="checkbox"/> Interpreta cadros de dobre entrada e gráficas de barras. <input type="checkbox"/> Localiza o eixe de simetría. <input type="checkbox"/> Identifica e realiza figuras simétricas
--	--	--

<p>traslación cos días e as noites e as estacións do ano.</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Diferenza as fases da lúa. <input type="checkbox"/> Aplica regras e normas nos xogos nos que participa. <input type="checkbox"/> Experimenta cos coñecementos que ten. <input type="checkbox"/> Identifica o paso do tempo. Os inventos, os cambios das persoas dos obxectos. <input type="checkbox"/> Coñece o comercio, tendas e mercados. <input type="checkbox"/> Identifica os principais medios de comunicación e as profesions relacionadas. <input type="checkbox"/> Relaciona o tempo libre coas actividades e profesions relacionadas, co turismo. <input type="checkbox"/> Aplica regras e normas nos xogos nos que participa. <input type="checkbox"/> Experimenta cos coñecementos que ten. <input type="checkbox"/> Recoñece as plantas da horta e medicinais. <input type="checkbox"/> Coñece e relaciona as funcións do aparato: Dixestivo, respiratorio, circulatorio e o principal órgano de cada un deles. 	<p>correctamente palabras con erre (forte/suave); <i>m</i> antes de <i>b</i> e <i>p</i> palabras con <i>bl</i> e <i>br</i>. As que terminan en-<i>y</i>, en-<i>d</i>,<i>-z</i>.</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Escribe o verbo no tempo verbal axeitado ao contexto. <input type="checkbox"/> Identifica o suxeito e o predicado nas oracións. <input type="checkbox"/> Describe persoas e obxectos. <input type="checkbox"/> Escribe ao ditado cunha ortografía natural. <input type="checkbox"/> Escribe pequenos textos: noticias, cartas, diálogos, contos, receitas, invitacións... <input type="checkbox"/> Contempla as partes dun conto con introducción, no e desenlace. <input type="checkbox"/> Interpreta e executa ordes dadas orais e escritas. 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Aplica as matemáticas nas situacións da vida cotiá. <input type="checkbox"/> Identifica a operación para continuar unha serie. <input type="checkbox"/> Recoñece e distingue os corpos xeométricos: prisma, pirámide, esfera, cilindro e cono.
--	---	---

6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

En todas as áreas se inician as unidades comprobando os coñecementos previos que posúen sobre o tema. Habrá momentos de posta en común e momentos de traballo en grupo ou individual.

- **Áreas de lingua galega e castelá**

Competencia en comunicación lingüística

O proceso de aprendizaxe comeza nunha situación na que se lle da preferencia á linguaxe oral. Preténdese que o alumnado aprenda a interpretar a imaxe que acompaña o texto narrativo, propiciando así a elaboración de hipótese.

Para favorecer tamén a expresión oral traballaranse diferente tipos de composicións: trabalinguas, adiviñas, poesías, cantigas...

Traballaranse diferentes clases de textos escritos(informativos, descritivos, expositivos...) e tras a súa lectura propóranse actividades de comprensión, vocabulario e expresión escrita.

- **Área de matemáticas**

Competencia matemática:

Nesta área pártese sempre da observación dunha lámina, o que nos permite motivar aos alumnos e alumnas, detectar os seus coñecementos previos, axudalos a observar a presenza das informacións numéricas na vida cotiá...

Todo coñecemento novo debe vir acompañado dos enlaces necesarios para que o alumnado conecte con outros xa adquiridos, de maneira que a aprendizaxe sexa significativa.

Para ser quen de realizar operacións de cálculo, terase en conta que o seu desenvolvemento intelectual, respecto ás operacións concretas, se encontra nun estadio evolutivo-madurativo. Por iso necesitan manipular obxectos ou a propia linguaxe, para formar conceptos ou categorizalos.

Favorarecerase a elaboración de estratexias propias para a resolución de problemas.

- **Área de Ciencias Sociais e da Natureza**

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

As actividades de aprendizaxe están graduadas en función da súa complexidade para atender distintos ritmos de aprendizaxe.

A presentación de cada unidade cunha imaxe favorece a observación e a motivación. Nela búscase identificar e describir detalles e buscar relacións coas experiencias propias do alumnado.

As tarefas que se realicen estarán pensadas desde a **teoría das intelixencias múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

O texto expositivo de cada tema mellora a súa capacidade de ler.

Esta área axudará ao alumnado, dun xeito especial, a relacionarse dunha forma máis científica co seu corpo e a súa contorna, así como a despertar a súa curiosidade e a resolver problemas cotiás.

- **Área de Valores sociais e cívicos**

A educación en valores é un eixe central no noso proxecto. En cada unidade didáctica trabállase un valor vinculado co modelo de persoa que establece o noso proxecto educativo:

- Unha persoa que vive e integra as súas emocións
- Unha persoa con sentido crítico e conciencia moral
- Unha persoa sociable e compasiva
- Unha persoa consciente da súa fragilidade
- Unha persoa comprometida coa xustiza e os dereitos humanos
- Unha persoa aberta ao encontro
- Unha persoa libre e responsable
- Unha persoa aberta a unha sociedade plural
- Unha persoa arraigada na historia
- Unha persoa esperanzada

A acción docente na área de Valores Sociais e Cívicos terá en especial consideración as seguintes recomendacións:

- Crear unha atmosfera adecuada para o crecemento persoal do alumnado.
- Proporcionarlles experiencias que lles axuden a crecer como persoas explicándolles as consecuencias positivas e negativas dos seus actos.
- Propiciar unha organización flexible e democrática da aula en que prevalezan as actividades en grupo fronte ás individuais (dinámicas de grupo, aprendizaxe cooperativa, etc.).

- Realizar de maneira habitual dramatizacións e a técnica de *role-playing* en que os alumnos se enfronten a situacións e personalidades distintas á súa para, posteriormente, reflexionar sobre os comportamentos e emocións que xeran ditas situacións.
- Valorar o xogo como elemento potenciador da aprendizaxe en situacións diversas.
- Crear un clima de seguridade en que o alumnado se sinta cómodo, tanto cos compañeiros, como co profesorado.
- Proporcionar estratexias que melloren a escoita activa, a empatía, o respecto e a tolerancia, contribuindo deste modo á mellora da convivencia.
- Utilizar o conto como punto de partida para a comprensión e expresión de diferentes emocións.
- Realizar traballos de investigación, tanto de forma individual como en grupo, sobre distintas temáticas relacionadas cos dereitos do neno, os dereitos humanos ou a Constitución española.
- Priorizar o uso das novas tecnoloxías na busca de información, a realización das tarefas e a presentación das mesmas.
- Incluír sistematicamente prácticas orais, como exposicións ou debates previamente preparados, na actividade cotiá da aula nos que, de maneira cooperativa, se traballe a análise e a expresión e interpretación de pensamentos, sentimentos e feitos en distintos contextos sociais e culturais, así como o uso da linguaxe para regular a conduta e relacionarse cos demais.
- Desenvolver tarefas orientadas por valores socialmente admitidos, nun clima de convivencia acolledor, estimulante e educativo.

METODOLOXÍA XERAL

De acordo coas competencias atribuídas no artigo 6 bis 2.c).3º da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, na súa redacción dada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, realízanse as seguintes recomendacións de metodoloxía didáctica:

1. Diseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lles permitan aos alumnos avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
2. A acción docente promoverá que os alumnos sexan capaces de aplicar as aprendizaxes nunha diversidade de contextos.
3. Fomentárase a reflexión e investigación, así como a realización de tarefas que supoñan un reto e un desafío intelectual para os alumnos.
4. Poderanse deseñar tarefas e proxectos que supoñan o uso significativo da lectura, escritura, Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) e a expresión oral mediante debates ou presentacións orais.
5. A actividade da aula favorecerá o traballo individual, o traballo en equipo e o traballo cooperativo.
6. Así mesmo, poderanse realizar agrupamentos flexibles en función da tarefa e das características individuais dos alumnos co obxecto de realizar determinadas tarefas de enriquecemento ou reforzo.
7. Procurárase organizar os contidos ao redor de núcleos temáticos próximos e significativos.
8. O espazo deberá organizarse en condicións básicas de accesibilidade e non discriminación necesarias para garantir a participación de todos os alumnos nas actividades da aula e do centro.
9. Procurárase seleccionar materiais e recursos didácticos diversos, variados, interactivos e accesibles tanto no que se refire ao contido como ao soporte.

Metodoloxía activa e participativa

O alumno ocupa un lugar central no proceso de ensino-aprendizaxe. É o alumno o que irá construíndo a súa propia aprendizaxe mediante propostas nas que recorra a materiais manipulables para descubrir contidos, a través da toma de decisións, cooperación...

Entre estas propostas destacan **a aprendizaxe partindo da manipulación, a aprendizaxe cooperativa, a teoría das intelixencias múltiples e aprender a pensar.**

- **Aprendizaxe partindo da manipulación:** utiliza a manipulación de distintos materiais para chegar á abstracción dun contido desde o concreto.
- **Aprendizaxe cooperativa:** propón un conxunto de actividades que propicien a interacción da persoa-colectivo co medio, cos seus pais ou co docente.
- **Teoría das intelixencias múltiples:** busca adquirir destrezas vinculadas ao desenvolvemento natural e real das situacións cotiás para conseguir capacidades que lle proporcionan ao individuo flexibilidade e creatividade á hora de se enfrontar a novos retos.
- **Aprender a pensar:** mostra numerosas formas de lograr a mellora do proceso de “pensar”. O obxectivo final é a aprendizaxe real, a profunda e significativa, a transferible a outras facetas da vida cotiá. Isto é posible co bo manexo do pensamento analítico, crítico e creativo.

A **metodoloxía didáctica** será fundamentalmente *comunicativa, inclusiva, activa e participativa*, e *dirixida ao logro* dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuírle sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; xa que logo é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e incluso os efectos sonoros das gravacións.

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; polo tanto traballamos coa flexibilidade necesaria para que todos os integrantes do grupo poidan participar na ampla variedade de actividades e recursos que empregamos.

Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos portfolios de aprendizaxe na aula e rúbricas de aprendizaxe. Ao longo das distintas unidades didácticas iremos planificando a realización e a recollida de traballos que mostren o nivel de consecución do estándar e detalle a súa evolución ao longo do curso. Tamén plasmaremos os logros nas rúbricas de aprendizaxe que son plantillas de avaliación onde se valoran as aprendizaxes (en distintos niveis de consecución).

O portafolio é unha ferramenta que permite avaliar o proceso de aprendizaxe consistente fundamentalmente na recollida de evidencias da evolución do alumno; pode pautarse a recollida de evidencias ou deixarlle ao alumno que seleccione cales quere mostrar. Cada evidencia leva unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades encontradas e os obxectivos de mellora persoal.

7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

As competencias do currículo para a aprendizaxe permanente deberán estar integradas nos elementos curriculares. A acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes dos alumnos, e adaptarase aos seus ritmos de traballo.

Prestaráselle especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

Coa finalidade de dar resposta aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado poñeremos en funcionamento as medidas de atención educativa que se consideren máis convenientes para asegurar o principio de equidade, sen prexuízo de garantir unha educación común para todo o alumnado.

Estas medidas poderán ser tanto organizativas como curriculares:

Para iso estableceranse mecanismos de reforzo, organizativos ou curriculares, tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe. Entre estas medidas poderanse considerar o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo:

1. A ampliación de horas lectivas.
2. Os agrupamentos flexibles.
3. A realización de apoios, preferentemente dentro da aula, dirixidos á prevención de dificultades de aprendizaxe.
4. A realización de medidas de enriquecemento curricular.
5. O reforzo educativo, nas áreas e alumnado que se determine, por parte doutro profesor.
6. O reforzo educativo, fóra do horario lectivo, das áreas e alumnos que se determinen.
7. O reforzo educativo por parte doutro mestre das áreas que se determine de alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe.
8. O desdobramento dun grupo de alumnos nunha ou varias áreas.
9. Adaptacións curriculares significativas e non significativas (ACIs).

8. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

De acordo co artigo 10 do Real Decreto 126/2014, en todas as áreas curriculares trataranse os seguintes elementos transversais:

a) A comprensión lectora

- Analizar os enunciados para impulsar a comprensión.
- Uso de distintas tipoloxías textuais.

b) A expresión oral e escrita

- Produción de esquemas e/ou debuxos.
- Elaboración dun guión para presentar o texto ante un grupo de compañeiros, no primeiro trimestre elaborarán una receta de cociña, no segundo un animal e no terceiro un proxecto ou experimento.

- Falar, escribir, debuxar e comunicar o que len nun texto.
- Discutir e razoar sobre as cuestións contidas nos textos.
- A toma de decisións e a súa argumentación; a comunicación entre o grupo, o respecto e a aceptación das opinións dos demais; así como o traballo cooperativo para aprender dos outros e cos outros. Ao interaccionar cos demais (xa sexa traballando en pequeno grupo ou en gran grupo) débense esforzar tanto en se facer entender como en escoitar os demais.

c) A comunicación audiovisual

- Incrementar a comprensión crítica dos medios de comunicación: televisión, cine, vídeo, radio, fotografía, materiais impresos e programas de ordenador.
- Desenvolver o pensamento crítico e a capacidade creativa a través da análise e a produción de materiais audiovisuais.

d) As Tecnoloxías da Información e a Comunicación

As novas tecnoloxías están cada vez máis presentes na nosa sociedade e forman parte da nosa vida cotiá. Desde esta realidade, consideramos imprescindible a súa incorporación nas aulas de Educación Primaria coa finalidade de iniciar os nenos no bo uso destas.

A incorporación da informática na aula contempla dúas vías de tratamento que deben ser complementarias:

e) O emprendemento

- Adquirir estratexias para poder resolver problemas: identificar os datos e interpretalos, recoñecer que datos faltan para poder resolver o problema, identificar a pregunta e analizar que é o que pregunta.
- Realizar un exercicio de creatividade colectiva entre os alumnos que permita idear un novo produto ou servizo capaz de resolver unha necesidade cotiá.
- Ter iniciativa persoal e tomar decisións desde o seu espírito crítico.

- Determinar as principais características dese novo produto ou servizo, así como as súas vantaxes e inconvenientes fronte ao que xa existe.
- Enlazar a solución proposta (produto ou servizo) cos seus posibles usuarios (mercado) e coa sociedade en xeral, introducindo a iniciativa emprendedora e o papel que esta debe desempeñar como motor de emprego e desenvolvemento.
- Aprender a equivocarse e ofrecer respostas propias.
- Traballar en equipo, negociar, cooperar e construír acordos.

As habilidades emprendedoras son as seguintes:

- Habilidades persoais: iniciativa, autonomía, capacidade de comunicación, sentido crítico, creatividade, adaptabilidade, observación e análise, capacidade de síntese, visión emprendedora.
- Habilidades cognitivas: expresión e comunicación oral, escrita e plástica; aplicación de recursos TIC na aula.
- Habilidades sociais: traballo en grupo, comunicación; cooperación; capacidade de relación co contorno; empatía; habilidades directivas; capacidade de planificación; toma de decisións e asunción de responsabilidades; capacidade organizativa.

f) A educación cívica e constitucional

- Coñecemento e respecto polos valores constitucionais de liberdade, xustiza, igualdade e pluralismo político.
- Coñecemento, respecto e aceptación dos dereitos e deberes fundamentais: igualdade ante a lei, dereito á vida, liberdade relixiosa e ideolóxica, liberdade persoal, liberdade de expresión, dereito de reunión, asociación e participación, dereito á educación, ao traballo, etc.
- Coñecemento, valoración e respecto pola organización territorial de Estado en comunidades autónomas.
- Coñecemento, respecto e aceptación dos dereitos sociais, deberes e políticas públicas: igualdade de xénero, protección da familia, dereitos dos menores e

maiores, dereito á educación, ás prestacións sociais, dereito das persoas con discapacidade ou minusvalía, etc.

9. A EDUCACIÓN EN VALORES

A educación en valores realizada no marco escolar favorece o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e das alumnas e a súa integración no mundo que os rodea , así como a asimilación dos valores humanos sobre os que se asenta a convivencia.

Trataremos de promover por tanto, o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Sin esquecer que as accións formativas sobre valores adoitan producirse en variados contextos, nós trallaremolos de xeito sistemático en dous contextos:

- a) Nas áreas curriculares. Cada unidade didáctica ten programado un valor, que se traballará de forma simultánea en todas as áreas. Presentaranse os valores agrupados en tres ámbitos: o desenvolvemento persoal, as relacións persoais e os valores sociais, cívicos e solidarios.
- b) Nas titorías. Adicarase a tal fin unha sesión de media hora semanal na que se tratarán moitos dos aspectos sinalados anteriormente e outros que xurdan ao longo do curso. Algúns dos obxectivos previstos son os seguintes:

- Mellorar e consolidar a súa autonomía persoal.
- Recoñecer a importancia de coidar o seu corpo.
- Promover a utilización de habilidades sociais básicas: saúdos, conversación...
- Fomentar o respecto dos dereitos de cada persoa.
- Axudalos a controlar a súa impulsividade e fomentar a súa capacidade para centrar a atención.

10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Non empregaremos libros de texto para as áreas de lingua castelá, lingua galega, matemáticas e ciencias naturais e ciencias sociais.

En Valores sociais e cívicos, así como en Plástica non se utilizarán libros de texto.

- Recursos dixitais:
 - CD de actividades e de recursos varios
 - Actividades para o EDI
 - ☐ Contos animados en LSE
 - ☐ Discriminación auditiva
 - ☐ Asociación de palabras e imáxes
 - ☐ Recoñecemento de palabras
 - ☐ Formación de palabras
 - ☐ Formación de oracións
 - ☐ Etc.
- CD de audio:
 - Contos e cancións
- Láminas
 - Abecedario
 - Contos secuenciados
- Recursos para atender á diversidade
 - Fichas de reforzo e ampliación
 - Fichas para ler e escribir.
 - Ficha para reforzar o aprendizaxe da lectoescritura
 - Fichas comprensión lectora.

- Páxinas web

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipillascies/>

<http://www.ceiploreto.es/>

<http://laeduteca.blogspot.com.es/>

<http://algunosrecursosprimercicloprimaria.blogspot.com.es/>

<https://miclase.wordpress.com/blog-primer-ciclo/>

Pero tamén contamos con outros recursos:

- Manualidades (Mandalas, plastilinas, goma eva, barro, pinturas...)
- Murais
- Xogos e Material pedagóxico (Tangrams, regletas, puzzles, bingo, xogos de construción, abejitas Zum Zum, dooble...)
- Ordenador, cañón, biblioteca de aula...
- Etc.

11. AVALIACIÓN

Ao longo do curso realizaranse varias avaliacións: unha avaliación **inicial**, outra **continua** e por última unha avaliación **final**.

A inicial realizarémola nas primeiras semanas do curso escolar para obter información sobre o grao de desenvolvemento das competencias básicas. Durante o período dedicado a avaliación inicial teremos en conta en todo as axudas que solicita o alumno/a e as dificultades que ten para realizar as actividades propostas.

Ao remate da avaliación inicial estableceremos as posibles liñas de intervención para reforzar a recuperación dos contidos non consolidados-

A avaliación **continua** permitiranos en todo momento detectar as dificultades dos alumnos e alumnas na consecución dos obxectivos programados artellando, dende o momento en que se identifiquen, as medidas e actividades de recuperación oportunas

Estas avaliacións servirannos de punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula e para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que consideremos oportunas para cada alumno/a.

Crearemos un ambiente adecuado para facilitar a comunicación entre os alumnos/as e entre alumnos-mestres/as. Teremos sempre en conta a información obtida o curso anterior

Observación directa

- Realizaremos **probas escritas e orais** para comprobar o nivel de adquisición dos mínimos esixibles de cada área e valorar a presentación, caligrafía, ortografía...

- Utilizaremos **registros** colectivos e individuais para consignar o resultado das avaliacións e ter unha visión global da aula e en particular de cada alumno/a.

- Proporemos xogos en pequenos grupos ou no grupo clase para permitírnos observar as relacións que establecen entre eles.

- Consultaremos a **ficha de seguimento** na que figuran os datos persoais, familiares e académicos.

- Realizaremos **entrevistas coas familias** que sempre nos aportarán datos a ter en conta.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Unha vez que temos claro o que queremos lograr a través da avaliación, seleccionaremos o conxunto de procedementos e instrumentos que imos a utilizar.

O grado de adquisición das competencias básicas e o grado de consecución dos obxectivos valorarémolos a través de:

A observación directa do mestre, que será unha parte esencial na avaliación.

A valoración do traballo diario (exercicios propostos, fichas, traballos de investigación...).

A actitude do alumno/a na clase (respecto ós compañeiros e mestres/as, interese e motivación polas materias).

As probas orais e escritas que se irán facendo periódicamente:

- Diario de clase onde se recollen os acontecementos máis salientables.
- Sociograma que nos axudará a coñecer mellor as interrelacións entre o alumnado da aula

Os rexistros individuais e colectivos da avaliación inicial e continúa.

Ao final de cada trimestre avaliarase o rendemento do alumnado en cada área tendo en conta todo o anterior. As sesións de avaliación estarán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará o profesorado que imparte docencia no grupo. Servirán para:

Dialogar sobre a marcha do grupo

Estudar a problemática de casos particulares

Buscar solucións aos problemas atopados.

Acordar os cambios necesarios na programación xeral de nivel.

A Programación tanto de aula concíbese como un instrumento a través do cal o docente materializa unha evidente necesidade dentro da actuación educativa: a planificación. Isto non impide que debamos de **ter presente que este documento será un proxecto flexible, aberto, en constante reflexión** pola natureza mesma da acción educativa.

O equipo de nivel reunirse polo menos unha vez ao mes para avaliar o desenvolvemento da programación didáctica. Esta reflexión serviranos para aplicar as medidas correctoras que sexan necesarias.

Ao final de curso quedará reflexado na memoria final:

O grao de adquisición dos obxectivos propostos,

O nivel de aproveitamento de recursos, espazos e tempos á hora da intervención educativa.

As dificultades atopadas e as causas das mesmas.

As propostas de mellora cara ao curso seguinte

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

O alumnado que simplemente acade os mínimos esixibles se cualificará cun SUFICIENTE e con INSUFICIENTE os que non consigan superalos. Cualificarase con BEN, NOTABLE ou SOBRESALIENTE dependendo do grado de consecución dos obxectivos propostos.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación

numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10.

Alguns dos criterios que se empregarán para calificar aos alumnos son os seguintes:

- As probas de avaliación, traballos realizados e preguntas orais.
- A actitude do alumnado perante o traballo, o esforzo e interese e aplicación das competencias básicas.
- Valoraránse tamén as actitudes perante os membros da comunidade educativa, os valores como a resolución de conflitos, hixiene... e o respecto ás normas do centro e a aula.

Segundo a LOMCE o alumno ou a alumna accederá ao curso seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polo centro docente de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do titor.

Os criterios de cualificación que se tomaron para este 2º nivel son os seguintes:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DAS ÁREAS

LOGRO ACADÉMICO GLOBAL	60%	Traballos realizados na aula. Controis. Probas de avaliación. Actividades.
PARTICIPACIÓN DIARIA NA CONSTRUCCIÓN DE APRENDIZAXES	40%	Está motivado, ten interés, participa. Non perde o tempo, responde e pregunta con sentido e coherencia. Traballa ben en equipo

AVALIACIÓN ORDINARIA

- No caso de que as tres avaliacións figuren como aprobadas a media de cualificación será ponderada, primando á terceira avaliación.
- No caso de que as tres avaliacións estean suspensas a ordinaria figurará como suspensa.
- No caso de que a so sexa a terceira avaliación a suspensa farase unha avaliación individual de criterios mínimos esixibles da área, consignando a nota como “Aprobado” se o 70% dos criterios están conseguidos.
- No caso de que a terceira avaliación estea aprobada pero as anteriores (algunha ou ambas) suspensas a cualificación final será “Aprobado” sempre que a evolución continua do alumno/a mostre que acada a maioría dos criterios mínimos esixibles da área.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Para a avaliación da propia labor docente propoñemos unha ferramenta que se poderá realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras empregando o seguinte rexistro de **Indicadores de logro**.

0= non se contempla; 1= contéplase de forma parcial; 2= ben; 3= excelente	
OBXECTIVOS	
Inclúense os obxectivos xerais da área e coa numeración establecida na orde de currículo	
Quedan conectados cos criterios de avaliación (CE) e os seus indicadores, comprobando que todos os obxectivos serán abordados ao longo curso	
COMPETENCIAS BÁSICAS	
Especifícase o tratamento xeral que se lle vai a dar a cada competencia ao expor a contribución da área ao desenvolvemento das mesmas	
As competencias conéctanse cos criterios de avaliación e a súa concreción en indicadores, para poder ser avaliadas	
Preséntanse dende a área estratexias para a animación á lectura e o desenvolvemento da	

comprensión e expresión oral e escrita	
Consideración de medidas para incorporar o TIC, aos procesos de ensino e aprendizaxe	
CONTIDOS	
Secuenciación coherente	
Organización temporal dos contidos ao longo do curso, en unidades de traballo, temas ou proxectos.	
Presentación integrada dos contidos sen necesidade de diferenciar en conceptuais, procedimentais e actitudinais	
Vinculación dos contidos con situacións reais, significativas, funcionais ou motivantes para o alumnado	
AVALIACIÓN	
Inclúense a CE da área e coa numeración establecida na orde de currículo	
Concreción de indicadores de avaliación a partir da análise e desagregación da CE do currículo	
Concreción suficiente dos indicadores para ser observables ou medibles	
Relaciónanse procedementos e instrumentos de avaliación variados	
Concrétanse os criterios de cualificación achegando un valor ponderado orientativo aos diferentes instrumentos de avaliación	
Para cada un da CE indícanse os indicadores que se consideran como aprendizaxes mínimas para superalo	
Os indicadores que expresan os mínimos exixibles aparecen en diversas unidades, temas ou proxectos para garantir suficientemente a súa adquisición	
Información ás familias e ao alumnado da CE, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e mínimos exixibles	
Actividades de apoio, reforzo e recuperación para atender á diversidade tendo en conta as aprendizaxes consideradas como mínimos	
Autorregulación da propia aprendizaxe: uso da autoevaluación e a coevaluación polo alumnado	
Considéranse procedementos para valorar e revisar a programación didáctica	
METODOLOXÍA	
Uso variado e coherente de diferentes métodos e estilos de ensino	
Estratexias para desenvolver procesos globalizados de ensino e aprendizaxe	
Consideración de metodoloxías que consideran o papel activo do alumno como factor decisivo da aprendizaxe	
Previsión de tarefas e propostas didácticas contextualizadas en situacións ou problemas significativos, funcionais e motivantes para o alumnado	
Metodoloxías de traballo cooperativo	
Importancia da investigación por parte do alumnado: metodoloxía de proxectos, descubrimento guiado, resolución de problemas da vida cotiá, webquest.	
Recursos didácticos, incluídos os materiais curriculares e libros de texto para o alumnado	
Organización flexible dos recursos espazo-temporais, agrupamentos e materiais	
OUTROS ASPECTOS	
Incorporación da forma de abordar os valores democráticos que establece o currículo	

Asociación temporal dos distintos valores democráticos coas unidades, temas ou proxectos nos que se van traballar	
Medidas de atención á diversidade e as adaptacións curriculares precisas	
Coordinación entre o profesorado que intervén co grupo de alumnos	
Coordinación do profesorado a nivel vertical	
Actividades extraescolares e complementarias	

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Ao longo do curso, no grupo de 2º E.P. temos previsto participar en tódalas actividades propostas dende o equipo de actividades complementarias e extraescolares. As actividades nas que máis se participa en anos anteriores e que nos gustaría dar continuidade na medida do posible son:

- Actividades do concello de dinamización lingüística
- Actividades de animación á lectura aproveitando a presenza de autores e contacontos.
- Conmemoracións e celebración de festas tradicionais: Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Día da Paz, Día do Libro e Letras Galegas.
- Obradoiros “Camiña con nós pola igualdade” do Concello
- Participación no programa do Fondo Galego de Garantía Agraria para o consumo de froita fresca.
- Actividades lúdicas de aproximación á ciencia.
- Exposicións e obradoiros nos diferentes museos e fundacións da cidade. (Verbum, Fundación Laxeiro, Fundación Pedro Barrié de la Maza, museo Marco, Museo do mar, Museo Liste...)
- Saídas ao cine dentro da campaña de Dinamización Lingüística.
- Saídas ao teatro (Actividades de Afundación Escolares ou teatro Artika)
- Saídas polo contorno da escola (panadería, perruquería, florería...)
- Actuacións musicais didácticas.
- Saídas de convivencia: excursión final de curso.

Unha vez valorada a adecuación temática e loxística ás idades que nos ocupan, (7 anos) deixamos aberta a posibilidade de participar noutras actividades e saídas que nos oferten ao longo do curso, en especial aquelas que xurdan relacionadas co PDI do centro.

Durante o primeiro trimestre non temos previsto realizar ningunha actividade fóra do recinto escolar e nos seguintes trimestres poderase celebrar algunha en función de como evolucione a situación sanitaria, xa que o primordial é garantir a seguridade do noso alumnado e o noso equipo docente. Deste xeito este curso, daremos prioridade á participación en actividades complementarias de xeito telemático ou desde a aula, seguindo as propostas do equipo de actividades complementarias e extraescolares.

13. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS

Programación Didáctica

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e desenvolvemento de programación didácticas. Para iso ao rematar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. Asemade, en cada sesión trimestral avaliativa realzarase unha avaliación conxunta do profesorado.

ASPECTOS QUE SE VAN AVALIAR	O QUE HAI QUE DESTACAR...	O QUE HAI QUE MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
-----------------------------	---------------------------	---------------------------	------------------------------

De igual xeito, propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto que poderase realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte rexistro.

Temporalización das unidades didácticas			
Realización de tarefas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Estratexias etodolóxicas			

seleccionadas			
Uso social das aprendizaxes			
Porcentaxe de alumnado que consegue o desenvolvemento básico das competencias clave da unidade			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Colaboración das familias			